

## 001

- **Lugar:** Folgueiras, IBIAS.
- **Narradora:** Inés (2007).
- **Recopilador:** Jesús Suárez López.
- **Grabacióis:** *A fala* • *O trasno* • *Ofrecemento ó santo milagro do Cibreiro* • *A alma no inferno por cambiar os marcos* • *Encontro cos lobos* • *Os reises*.

**A fala**

[Inés]: Aquí en este pueblo falamos todos gallego. Este pueblo é d'Asturias, pero como tamos tan metidos en Galicia somos tan gallegos como asturianos. Eiquí dependemos tanto de Galicia como de Asturias. Nun sendo asunto de papeleo e d'eso... pero despóis, médicos por Galicia ye... os nenos agora nun os hai, que cuando os había... a escola a Galicia, a Navia de Suarna, así que considerámonos mui gallegos...

[Encuestador]: ¿Y falar cómo se fala aquí?, ¿galego?

[Inés]: Galego, galego, aquí galego. Si. En cambio, ó pasar el río ese pra o lao de San Antulín pues cambian bastante na fala, xa dan outro acento máis asturiano.

**O trasno**

Bueno, algunhos si, agora xa os olvidéin, antes sabía bastantes porque contábamos o meu abuelo, pero agora como nun se cuntan, nenos nun hai y era a quen se lles cuntaban os cuentos, vaise ún olvidando neles. Acórdome muito de que tamén antiguamente dicían qu'había trasno, que lles salía o trasno. Y eu tiña un... buelo, esto foi verdá, que tiña un abuelo e quería madrugar muito pre ir a unha feira á Fonsagrada, e deitouse a durmir nun escanil pre cuando pasaban os máis por debaixo da casa, o primeiro que pasase, marchar cuanda él. E sinte pasar unha caballería correndo bien y él tiña a caballería d'él preparada e monta nela e seguindo ó outro. Cuanto máis curría meu abuelo, máis curría o qu'iba delante, hasta que chegaron a un sitio qu'empezóu a ser día, y a o ser día o trasno desaparecía, ya antonces era un sitio mui pendiente, mui pendiente, e polo... cuanto o sitio máis costo o outro marcha por unha carballeira abaixo d'a cabalo do cabalo e meu abuelo quedóu solo.

Outra vez tiña outro abuelo, qu'era o materno, ése cría muchísimo, ye reza-ba muito a san Antonio y adiviñaba mui bien no rezo de san Antonio ye faltá-

balle un cabalo e púxose na cucuña a rezar a san Antonio e tando rezando a san Antonio empezan a deslousarlle a casa e tira-las lousas pra o suelo. Ya él deuse cuenta qu'era o trasno e dícelle:

—¡Oi ho, tíramas de cota!, que se mas tiras de plano, rómpenme.

### Ofrecemento ó santo milagro do Cibreiro

Y outra vez era tamén outra señora, equí tamén d'un pueblo de cerca de Navia de Suarna e tiña un fillo que era un pouco sunormal, e tamén tíñalo ofrecido a un santo que hai polos Ancares, que chámanye O Cibreiro, santo milagro, y a vieja murréu e nun puido leva-lo fiyo a misa. Y un día o fiyo taba cas vacas e chegóu y apresentóuselle alí a madre e díxoye:

—Oi ninín, vente cumigo, que teis qu'ir a unha misa, que téñote ofrecido e tou eu pasando muitas por nun te levar a misa.

Dixo:

—Mamá, ¿y eu cómo hei d'ir?, que despóis márchanme as vacas e réñenme.

—Non, ninín, non, nun che han marchar, tu vente cumigo.

Y hala, marcharon andando, que hai muitos kilómetros que recorrer. Y o neno nun cansóu, foi cuanda a madre e tuveron a misa ye a ela naide al víu, namás que al vía él, ye había alí un árbol que nun hai máis árboles coma aquel pur eiquí, e cuando salíu d'alí díxoye:

—Oi ninín, coye unha rama d'ese árbol...

E déuyal e dixo:

—Ahora levas esta rama pra que che crean únde tuveche, se non naide ch'ha crer únde tuveche.

E volvéu acompañándol ei hasta a villa de Navia de Suarna e cuando taban chegando cerca díxulle:

—Hala, ninín, adiós, que veinte ei buscando.

Y a madre desaparecéu ye iban os veciños, andaban buscando no rapaz por elí. Si, eso foi cierto.

### A alma no inferno por cambiar os marcos

Bueno, eso dicían qu'era o pecado máis grande que había. Antiguamente dicían qu'houbera un home que quedara viudo e tiña sete fillos, e xa taba canso de que lle marchasen tantos a o servicio, y él solo, e quedábaye o máis novo e díxoye:

—Pois tu a o servicio nun has d'ir, ho. Antes d'ir sirvi-lu rei has d'ir sirvi-lu demo.

Y hala, chegou a hora de marcha-lo fiyo pra o servicio y tuvo que marchar, pero pasou o tempo da mili y o padre nun soupo máis do fiyo, hasta que cuando se le enciaron os máis o fillo d'él apareceu tamén.

Dixo:

—Pero tu, ¿únde tuveche, hombre?, pre nun dar razón de ti.

—Y eu, ¿únde había tar?, ¿usté nun dixo qu'antes d'ir sirvi-lu rei qu'había d'ir sirvi-lu demo? ¡Tuvén nu inferno!

—¿E qué había alí, ho?

—Elí nun había namáis que curas e monjas e por ei xente rica; peisanos solo vin pasar ún cunha estaca a o lombo (qu'é un marco).

Xa ye cuntéin muitas cousas qu'inda nun yas contéin a o fillo... porque nun m'atende, nun crei neso.

### Encontro cos lobos

Pois eu tuven un tíu que unha vez foi moer a un moín lejos, qu'había qu'ir moer pre coce-lo pan na casa, ye chigóu de noite á casa, prendéu o cabalo á porta da casa e salíu meu papá a axudarlle a descargar, e meu papá falaba con él y él nun ye contestaba, e díxoye meu papá:

—¡Jolín, qué enfadado veis!

E pasou así un cacho grande, desaparellóu o cabalo e foi choelo, e foi prá cuchiña e sentóuse e nun falaba cun naide. Y a o pasar un cacho quixo empezar a falar e nun ye entendían nada, cortáraselle a fala co medo que ye levóu a os lobos. Puñíaseye o lobo delante y empezaba a escarrapatar y a tirar areas, y espantábaselle o cabalo e vírase perdido pra chegar con él á casa. Esas cousas foron certas, nun son cuentos.

### Os reises

Eu, acórdome eu, inda era eu pequena, que andaban polas casas aí do pueblo de Valdeferreiros qu'había muitos mozos ye iban disfrazados, e ún iba todo rodeado de campañños das vacas, e iban tocando e todo el mundo lles daba algo, cantábanyes unha canción que xa nun me recordo ben, sei qui unhas palabras que tía:

*Cantámosche us reises,  
gadellas de cabra,  
cantámosche us reises  
e nun nos deche nada.*

Despóis decían:

*Se nada vos din,  
nada vos dibía,  
viñestes de noite,  
viñeráis de día.*

Ye unha vez tíñamos... na mía casa tíñamos vacas e mandábamolas solas a o monte, e un día foron prá casa sin dous campaiños. Ye na mía casa xa se deron cuenta de qu'igual eran os de Valdeferreiros pre ir canta-los reis. Ye así foi, chegou o día de reyes e chega alí aquel todo rodeado de campaiños e sintíalles eu dicir a meus padres:

—¡Mira únde tán os nosos campaiños!

Y eu era pequena, empecéin a chorar e quería que me desen os campaiños das vacas.

Ye unhos levaban unhas cardas que había de la... de cardar antes a la, e iban cardando. Ye ún levaba cumu un fole cheu de cinza e se ún se metía con eles dábanye cun aquilo e cubrían a ún todo de cinza.



001  
INÉS  
Folgueiras, IBIAS

---

Foto: Jesús Suárez López

